

CARLOS CASARES EN COMPOSTELA : FORMACIÓN, COMPROMISO E MANIFESTACIÓN

Arcadio López-Casanova
Universitat de València

Resumo: Refírese e analízase neste relatorio a primeira etapa –pouco coñecida– de Carlos Casares en Compostela. Unha estadía de dous anos que representa o comezo da súa formación universitaria, a súa incorporación á actividade do grupo de mozos galeguistas, e a iniciación do seu traballo creador, autor –nese período– dunha destacada obra poética.

Abstract: Carlos Casares' little-known first stage in Compostela is reviewed and analysed at this conference. A two-year stay which represents the beginning of his university education, his incorporation to the young "galeguista" workgroup and the commencement of his creative work, author –at that time– of a valuable poetic work.

Palabras chave: Carlos Casares, anos escuros, xeración, estudos, lectura, compromiso, creación.

Key words: Carlos Casares, dark years, generation, studies, reading, commitment, creation.

Quero agradecer, coas miñas primeiras palabras, a invitación a participar neste Simposio –que se acaba de abrir– dedicado a Carlos Casares. Unha invitación, xa que logo, que doutra volta me trae a esta Casa –que é a Casa grande da palabra, o fogar acendido da lingua e a cultura do noso país–, hoxe para evocar a un vello e lembrado amigo que a Morte, sempre cruel, nos arrincou en plenitude de vida, en plenitude creadora, compañeiro que foi de tantas ilusións, de tantas arelas, de tantos proxectos compartidos.

Tentaremos pois, ó longo do presente relatorio, debuxar un retrato de Carlos na sombra daquel tempo que Xosé Luís Franco Grande emblematicizou coma *anos escuros*, e mesmo dar una visión –que moito terá de signo ou razón memorial– do que foi e significou a súa primeira estadía en Compostela. Unha estadía breve –pouco máis de dous anos–, pouco coñecida, pero moi intensa e decisiva –segundo

el mesmo ten subliñado— para a orientación da súa vida no momento crítico da mocidade.

Unha etapa que teño chamado *tempo de procura*, e que se abrirá en tres complementarias perspectivas, en tres gallas que van ser as nosas guías: a *formación*, o *compromiso* e mais a *manifestación*. Ou sexa, o que é a preparación intelectual, os estudos universitarios; o que é o recoñecemento e a identificación coa lingua, a cultura e a realidade histórico-social de Galicia; e, en fin, o que é o agromar vigoroso do pulo creador, a súa realización primeira coma escritor.

1. A FORMACIÓN

Carlos Casares chega a Compostela no outono do 1961 para facer os que eran, daquela, os cursos comúns de Filosofía e Letras. Segundo el ten contado, nunha visita a Ourense faláralle moi xenerosamente de min, dun primeiro libro meu retirado pola censura, Novoneyra. O noso encontro —do que ten dado moitas versións envoltas, como non!, en maxia fabuladora— deuse un día de comezos do mes de Santos. Un día de moito chuvia no que coincidimos na porta da Facultade, á saída das clases. Presentounos un amigo común, un rapaz segoviano que paraba na mesma pensión, alí ó pé da Praza do Obradoiro. Tras da presentación, camiñamos baixo o paraugas pola Caldeirería e recalamos no “Derbi” a tomar un vermú.

Abriuse, dende ese momento, unha sentida amizade. Conxeniamos moi ben, de seguida, coido que porque compartiamos certos trazos no noso xeito de ser, nas actitudes e no carácter. Para o seu retrato daquel tempo, interesaríame destacar estes apuntamentos.

Carlos era —quizais sorprenda— persoa calada. Teño moi presente, moi viva, aquela imaxe del en viso, choído no seu reino interior, coa ollada baixa como se tentara afondar e afondar, a fronte engurrada, co xesto seu da boca —que a el tanto lle dicía das persoas—, e a man contra a meixela e a barbadela.

Ora ben, cando de súpeto, como nun espertar ou abrirse ó mundo, collía a palabra, era outro: a palabra transformábao e el convertía a palabra nun feitizo para os oíntes. Era una marabilla ver como de calquera anécdota, motivo, tipo ou circunstancia, a súa maxia fabular creaba historias, relatos preciosos que fascinaban. Sen dúbida, xa estaba alí, feito e dereito, o “contador de historias”, para dicilo co certo título da iluminadora biografía que lle dedicou o profesor Henrique Monteagudo.

Había logo nel una fonda devoción —un arraigo sentimental, diríamos— polo seu “lugar de provincias”, o seu Ourense, e —claro é— polas terras de Xinzo, pola amada paisaxe da Limia. E a min confortábame moito que compartira as miñas

vivencias ou morriñas luguesas –o Lugo pechado coma unha cónchega pola mura-lla– e máis do tan querido O Páramo da miña infancia.

Alentaba nel, asemade, un fondo sentimento relixioso que –como ten anali- zado moi ben Xavier Carro– sempre alumou no seu reino interior, xa coa ventá aberta, xa coa ventá pechada. Un sentimento que, naquel tempo, dáballe sen dúbida un íntimo conforto, e que vivía con radical autenticidade. Diría máis: o seu espírito inqueda, arelante, lograra saír daquel terrible nacional-catolicismo dos seus anos do Seminario, cheo de medos e castigos, para atopar acougo nunha crenza verdadeiramente vivificadora.

E era, en fin, un ser de íntimas lealdades, de mantidas fidelidades. Quizais o mellor exemplo do que apunto estea no respecto e devoción que sentía por Risco, e que o seu biógrafo, Henrique Monteagudo, destaca moi nididamente nestes termos:

Profesoulle [a Risco] toda a súa vida unha especial veneración persoal e inte- lectual, malia situarse case nos antípodas ideolóxicos do seu extremo conser- vadorismo, o seu radical antiliberalismo, o seu repulsivo antisemitismo e a súa extravagante beatería; admiraba en Risco a súa inmensa cultura [...] o seu requintado criterio estético, a súa orixinalidade e o seu espírito anticonven- cional.

Puxen coma exemplo esa fidelidade risqueana xustamente porque en Compos- tela eramos todos *oteristas*. Nese ambiente, Carlos –calado– sufría a nosa xuvenil intransixencia contra do mestre ourensán, e mesmo tivo que vivir dous momentos moi duros para el: un, cando se lle concedeu o Premio “Galicia” a Otero Pedrayo (fronte a Risco, candidato oficialista do Réxime); outro, coa publicación do libro de Ramón Lugrís *Vicente Risco na cultura galega*, co famoso prólogo de Piñeiro e a súa teoría dos “tres Riscos”, que levantou unha enorme polémica nos xornais e puxo en pé de guerra os risquistas.

Estes trazos que deixo sinalados –a enriquecedora introversión e a capacidade fabuladora, a devoción polo seu “lugar de provincias”, o vivificador sentimento relixioso, as fidelidades– coído que abundan, e mesmo son representativos, dunha personalidade callada de cedo, de ben fina sensibilidade, de autenticadora fon- dura, de rico e fecundo mundo interior.

No ámbito da Facultade, o noso amigo afronta os comezos da carreira cunha moi boa base, cunha sólida formación que lle viña dos seus anos no Seminario. En *O conto da vida*, nas conversas con Tucho Calvo, tan cheas de interese, refírese a este aspecto nestes termos:

A formación [no Seminario] era excelente. Dunha banda había una formación intelectual moi polarizada sobre a parte humanística cun profundo coñecemento das linguas clásicas, unha boa formación filosófica, aínda que escolástica, e unha boa formación teolóxica. [...] Outro aspecto moi importante [...] era a disciplina, o sentido que dende neno se inculcaba na responsabilidade no traballo [...] nuns hábitos de vida disciplinados, con sentido da orde, da responsabilidade.

Mais a Facultade non encheu, para nada, as expectativas vocacionais. Había, ó cabo, moi poucos mestres que lle puideran dar prestixio e, mesmo tamén, moi poucos con certa significación anti-Réxime. Na de Filosofía, só estaban Río Barja (que sucedeu a Otero Pedrayo, próximo aos galeguistas) e Moreno Báez –o meu mestre–, discípulo de Menéndez Pidal e membro da Democracia cristiá; logo, chegaría un catedrático novo de Instituto, Xosé Manteiga, discípulo de Aranguren, que se faría cargo da Filosofía. En xeral, e coma o propio Carlos ten comentado, o nivel académico era moi baixo, de moi limitados atractivos para os estudantes con verdadeiras inquedanzas, con verdadeira vocación polas Letras.

Polo demais, a Facultade –cunha imaxe de rigor non na substancia, senón na superficialidade formal– estaba rexida polo Decano Moralejo *manu militari*, isto é, *que ningún se mova*. Hai, entre outras, dúas anécdotas das que fomos partícipes Carlos e mais eu, que din moito do ambiente enrarecido e opresivo que alí se respiraba naqueles anos escuros, dos silencios cómplices, dos medos que nos abalaban.

Sei ben que estas anécdotas que vou contar parecerán acaso, á luz destes tempos de hoxe, cousa nimia, e mesmo poderían motivar certo sorriso distanciador. Mais hai que velas á luz daquel tempo de negruras, de tan escuros asexos, e enténdelas como parte do soterrado tecido intrahistórico duns anos que tan doridamente marcaron –e mancaron– aquel ilusionado abrirse ó mundo da nosa xeración.

Un día fomos, con outros compañeiros, pedirlle permiso ó Sr. Decano –non recordo o motivo– para un acto (literario, claro) en galego. A resposta, entre tateos (tatexaba cos nervios) foi súbita e rotunda: “¿Quieren ustedes que saquemos otra vez los cañones a la calle?”. Quen así respostaba –as voltas que dá a vida!– fora, tras da súa chegada a Compostela, membro colaborador do Seminario de Estudos Galegos.

A outra anécdota, xa máis divertida, debeuse a que o curso –o primeiro de carreira– de Carlos tiña moitísimos alumnos matriculados, e na aula non había asentos dabondo para todos. Xa que logo, asistían ás clases inzados, sentados polo chan, como se podía.

Na nosa inxenuidade e rebeldía, tentamos organizar unha protesta (algo, en fin, “subversivo”). E fixemos un cartel, recortando as letras dun xornal, que en grande poñía: “Se necesitan sillas”. E colocámolo na porta da Aula grande. E grande foi, en verdade, o rebumbio que se armou! Tan grande –debeu parecer un acto de subversión maiúscula– que mesmo chegou o asunto á Xunta de Facultade, na que o profesor Moreno Báez –que se levaba moi mal con Moralejo– espetoulle: “Sr. Decano: ¿ha visto usted la protesta de los alumnos? Pues ya sabe: empiezan pidiendo sillas y terminan moviendo el sillón”. O Decano ficou mudo. Sobra dicir que, para Carlos, a anécdota –co suceso da Xunta de Facultade– motivou un relato cheo de graza, que repetía acó e aló, imitando xestos e voces, sempre entre o entusiasmo dos oíntes.

O ben pouco atractivo intelectual que amosaban a maior parte das clases na Facultade, compensabámolo con vocación lectora de horas e horas, xa na biblioteca do Departamento de Literatura Española (que nos deixaba o profesor Moreno Báez), xa –no segundo ano– na pensión que compartimos en Xelmírez 26, 3º, que levaban dúas santas señoriñas –Herminia e Leonor–, ás que iso de “poetas” parecíalles algo moi especial e importante.

Unha lectura –para dicilo en termos lainiáns– *edificativa e diversiva*, isto é, que nos axudaba na aventura do descubrimento e construción interior, e máis que nos abría horizontes vocacionais e vitais. Así, naquel tempo liamos sobre de todo poesía e estudos sobre do feito poético. Recordo como libro de cabeceira a *Escolma IV* de Galaxia, e que moito nos conmovían Pimentel ou Díaz Castro, Novoneyra –que acentuaba o amor ás nosas bisbarras da Limia e O Páramo–, ou os poemarios que acababan de saír de Celso Emilio ou Tovar. Sentiamos que Galicia tiña grandes voces líricas, tal en verdade era certo.

A *Antoloxía* de Castellet –tan polémica– abriunos o mapa da poesía castelá de posguerra, mapa que, brinco a brinco, fomos completando coas poesías completas de Hierro, de Bousño, de Gaos ou Valverde, por quen –por certo– sentiamos una especial simpatía. Moito nos interesou, asemade, a poesía catalá, á que chegamos na *Antoloxía* de Castellet/Molas, e logo con libros de Espriu –que moito admiramos–, Riba, Foix ou Manent etc.

E como estabamos en “época na que se levaba moito o existencialismo”, e mesmo deunos ós dous por vestir con indumentaria de imitación unamuniana, fomos moi interesados lectores –novela e teatro– de Sartre e Camus, lectura –a camusiana– de moi decisiva influencia –no estético e no ético– para Carlos. E xa no ámbito da prosa, e ademais dos mestres galegos (Blanco Amor, Fole, Cunqueiro), a el interesáballe moito a nova novela francesa (Butor, Robbe-Grillet), máis –claro é– os mestres da narrativa europea e americana, que chegaban á librería do Eduardo, nun portal da Rúa do Vilar, en edicións moi malas (maiormente

arxentinas) e, por suposto, moi careiras para o noso limitado peto de estudantes. E, en fin, moito lle interesaba –e moito lle influíu– o ensaio de base cristiá, de Aranguren a Moeller, por citar nomes representativos.

Nese proceso de formación autodidacta, non podía faltar algo que engaiolaba a Carlos: o cine, o feitizo da imaxe. Unha devoción cinematográfica que, sen dúbida, tamén moito influíu no seu traballo creador. El mesmo ten comentado que, a miúdo, para escribir partía dunha imaxe, dunha limpa representación, coma é doado comprobar nos seus mellores relatos, de *Vento ferido* a *Deus sentado nun sillón azul*.

Eramos, ó respecto, asiduos do Cineclub Universitario, con sesión os domingos ás doce do mediodía, actividade que levaba un grupo de xente de moi estraña mestura –pero eficaz, iso si– no que estaban seuístas, xentes de asociacións católicas, falanxistas desencantados ou mistéricos esquerdistas. O Cineclub permitunos, dunha banda, ir descubrindo unha filmografía por veces espléndida, de Cocteau a Bergman, de Passolini a Antonioni, de Buñuel ó mellor Berlanga etc; doutra banda, non deixaban de ter interese os coloquios posteriores á película –en ocasións disparatados, esperpénticos–, pero nos que, así e todo, había oportunidade de dialogar, de discutir, de polémica curiosa, claro que, sempre, baixo a atenta ollada da “Secreta”.

2. O COMPROMISO

Como xa apuntabamos no comezo, esta estadía compostelá, breve e intensa, vai representar o compromiso de Carlos coa actividade galeguista. A súa chegada á Cidade do Apóstolo dáse nuns momentos especialmente cruciais, especialmente significativos, dende dúas perspectivas.

Dunha banda, esa chegada do noso amigo coincide coa etapa do agromar e mesmo da configuración da xeración do 68 –a súa propia–, e que logo quedou coutada ou desartellada polas circunstancias históricas. Membros desa xeración –Marina Mayoral, Xavier Carro, Xurxo Ricoi– xa se deran a coñecer na revista luguesa *Escritos* e nas páxinas de *La Noche*, da man xenerosa de Borobó; logo, ó tempo que Carlos, irían chegando outros membros significados, coma Antón Santamarina, Alfredo Conde ou Luís Cochón. O noso amigo, pois, entra a formar parte do seu grupo xeracional.

Doutra banda, se a década dos 50 vai significar a reorganización do galeguismo arredor da fundación de Galaxia e o comezo dun esforzado proceso de restauración cultural, a década dos 60 vai ser, logo, a que leve a unha meirande mobilización e mesmo a ampliar as liñas da galeguización, abrindo fronteiras moi principalmente no mundo universitario.

No seu compromiso activo co galeguismo, sen dúbida foi decisivo o seu encontro con Ramón Piñeiro e –a partir da primeira visita (que ten evocado con respecto e emoción) – facerse asiduo da famosa mesa-camilla. Na súa conversa con Víctor Freixanes, recollida naquel emblemático libro de *Unha ducia de galegos*, Carlos coméntalle:

Cando cheguei á Universidade, Ramón Piñeiro exercía unha influencia indudable sobre dun pequeno grupo de estudantes. Eu empecei a formar parte dese grupo pouco despois de escomenzar o curso [...] Piñeiro exerceu sobre de nós un importante maxisterio, non soio de tipo galeguista [...] senón moito máis amplo.

E engadía logo:

O que lle debo a Piñeiro ten máis relación cun xeito especial de enxergar a vida que cunha mentalización política concreta.

Certamente, os mozos galeguistas formaban un pequeno grupo, que quizais non chegaba a unha ducia. Na entrevista citada que lle fai Freixanes, Carlos, máis adiante, apunta o seguinte:

O galeguismo [na Universidade] non contaba para nada [...] Eramos unha especie de bichos raros que non tiñamos demasiado atractivo nin interés político para a esquerda estudantil.

Pero seguindo a nova política de dinamización galeguista –á que xa fixemos referencia–, e aproveitando fendas legais propiciadas por certa “apertura” do Réxime, foi posible promover nas cidades e nas vilas un abano de “agrupacións culturais”, a primeira en Compostela (“O Galo”), logo en A Coruña (“O Facho”), tamén en Pontevedra etc. Desta maneira, Carlos fíxose membro de “O Galo” –no que estaban tamén García-Bodaño, Santamarina, González Blasco, Fontenla, Docanto etc. – e, claro é, participou de xeito ben activo nas xuntanzas e actividades. Actividades moi variadas, facendo o que se podía (e deixaban): xa un concerto, xa algunha exposición, xa ciclos de conferencias sobre literatura galega, xa a posta en marcha dunha *Escola de teatro* (que durou pouco) etc. Cumprir –na medida das forzas– co que se pretendía: dinamizar, activar a presenza da nosa lingua e da nosa cultura na sociedade, na Universidade, no mundo estudantil.

O grupo de “O Galo” –tan limitado en número– tiña, non obstante, certas capacidades para a mobilización e os contactos, e, dese xeito, levar a cabo accións

moi selectivas, de impacto e resonancia, organizadas polo miúdo para seren eficaces.

Esas accións das que falo, e nas que Carlos foi protagonista destacado, tiveron o que poderíamos chamar o seu ano emblemático no 1963. A primeira acción tivo lugar nas Festas Minervais, festa poética que se celebraba no Hostal e á que asistían –de aí o seu relevo– as autoridades civís, militares e académicas de Galicia, e foi unha resposta ó chamado “Polo de Desarrollo” dos ministros do Opus, que poñía a Galicia dependendo de Zamora.

Aquelo, obviamente, alporizounos ó sentir –unha vez máis– a patria aldraxada. Por fortuna, tiñamos como Mantenedor a don Ramón Otero Pedrayo, a quen visitamos pola mañá no hotel de Compostela para falarlle da mobilización que ían ter os universitarios no acto, das intervencións dos poetas –Carlos, Bodaño e mais eu–, e pregarlle, pois, que actuase ó respecto. Don Ramón non defraudou, e –entre o entusiasmo e os aplausos dos asistentes– botou unha admirable peza oratoria, xogou maxistralmente coa retórica e os significados, e rematou invocando os pulos de liberdade dos universitarios composteláns. Carlos e mais eu temos comentado, en moitas ocasións, que fora un dos actos máis admirables e emotivos ós que tiñamos asistido, e que gardabamos para sempre no noso corazón. Comentándollo a Tucho Calvo en *O conto da vida*, o precioso e prezado libro de conversas, dirá:

Foi un acto de moita transcendencia no ambiente universitario e tamén no oficial, no que se pensou que o galeguismo tiña xa unha organización tremenda capaz de montar aquel tinglado. E eramos catro, que aproveitamos a oportunidade. Eles asustáronse e andaron investigando como se organizara aquilo, pero non pasou nada, nin detencións, nin interrogatorios, nin nada.

Rematado o acto académico, cheo de asistentes, foi impresionante –e especialmente emotiva– a procesión cívica que os universitarios formaron despois á saída, dende Fonseca á Ferradura, e á que se foron unindo xentes e xentes da cidade (segundo o desfile, con coroas, ía pasando polas rúas), para render homenaxe diante da estatua da nosa gran poeta, da “Nai de Galicia” no dicir de Pimentel, e rematar cantando o himno galego.

Ese compromiso coa actividade galeguista tiña tamén os seus momentos de ocio vivificador e liberador na sociabilidade cordial dos faladoiros, ámbito de amigos no que se desfrutaba co intercambio de opinións e ideas, no que se discutían proxectos, no que se compartían ilusións e arelas. Para Carlos –como para min, como para todos– eran fundamentais eses encontros e eses coloquios amicais tras do xantar, pois non en van el viña do faladoiro ourensán de Risco (cos seus

“artistiñas”) no café “Parque”. Xuntámonos, primeiro, no “Alameda” e logo no “Gaiola”, e alí acudían Bodaño, Santamarina, Docanto, Fontenla, Luís Mariño, Luis Cochón, González Blasco, o periodista Fernández Ferreiro etc. Ó quentor da amizade –que era entrañable, que era limpa, que era aberta– abrollaban as nosas arelas de mozos universitarios e galeguistas naquel escenario entebrecido de Compostela.

3. A MANIFESTACIÓN

Xa no banzo final deste relatorio, non podemos deixar da man, non podemos esquecer que o noso Carlos Casares era escritor, e que na escrita estaba a fonda e máis autenticadora vocación súa, a súa máis radical realización. Xa que logo, ó se integrar na súa xeración propia –a que temos chamado do 68– dáse o seu agromo e a súa manifestación creadora, coa elección do galego como a súa lingua de creación.

Cando chega de Ourense a Compostela, trae xa con el unha mañiza de catro ou cinco contos que, ós poucos días do noso encontro, leume na biblioteca de Literatura Española. Gardo no recordo aquela lectura –e o ben que os lía–, e os trazos máis significativos que me deixaron pouso, pois naqueles contos, entre eles o que lle premiaran nun Certame de Nadal en Ourense, xa había –diríamos– signos do mellor Casares. Por citar algún deses trazos que me impresionaron, estaban o seu acerto no debuxo ou apuntamentos de tipos e escenarios, a concisión narrativa, o dominio sabio da gradación, a capacidade estilística para a suxestión, o dominio do punto de vista.

Sendo, pois, a súa primeira manifestación como narrador, coma escritor de relatos, é feito curioso que, na súa estadía compostelá, vai dar un xiro creador cara á poesía, cara ós eidos da lírica, deixándonos un conxunto do meirande interese, prestixiado con premios nas Minervais e nos Xogos Florais de Vilagarcía (no ano 1963), e recollidos logo en antoloxías representativas, tal a editada por Ocnos (*Poetas gallegos de posguerra*, 1971) ou a recollida na revista *Claraboya* (números 16-17, 1967). Un conxunto inzado acó e aló, en moitos casos coído que aínda inédito, e que resulta obrigado recompilar nunha edición rigorosa e anotada, porque dese xeito teremos unha imaxe máis rica, máis completa de todo o que foi o seu traballo creador. Non se pode esquecer que a lírica representou unha dedicación á que se entregou con autenticidade nunha etapa moi importante, moi significativa da súa vida, e que, por máis, o formante lírico –a liricidade– respírase, e mesmo dá alento, nas súas mellores páxinas de prosista.

Ese Carlos que se manifesta como poeta amosa, xa dende os comezos, un mundo persoal e unha dicción lírica singular, ben orixinal; mesmo tamén, fixa asemade de forma temperá os principios da súa poética. Nunha entrevista que lle

fan para *La Región* con motivo dun recital que demos no Ateneo de Ourense, tras de sinalar que o poeta é, necesariamente, *fillo do seu tempo*, engadirá:

La situación histórica actual nos exige una poesía concreta, testimonial, donde el juego estético, en cuanto tal, puede considerarse una traición.

Pode dicirse, xa que logo, que na súa escrita asumía os postulados da poética epocal dominante, canónica, isto é, a *poética de razón histórica*, e que vai ter o seu foco motivador na imaxe do *home-no-mundo*, quérese dicir, “situado” nun concreto tempo e nunha concreta sociedade. Dentro desa poética, a palabra lírica casariana vai responder –como teño explicado noutras páxinas– ás liñas dun *realismo existencial*, e que se vai abrir en tres principais eixes temáticos.

Así, e dunha banda, estaría o motivo –verdadero *topos* da xeración– da *dorida perda da infancia*, que se soña coma un mundo de luz e pureza, un espazo idílico, que contrasta dramaticamente co mundo “dos homes” que se ten diante. Doutra banda, estaría o motivo –que sempre o acorou moito– da *representación anticipada da morte*, da morte en asexo; e, en terceiro termo, estaría o motivo –outro eixe importante– do *desamparo existencial*, da existencia, pois, desvalida, aberta ó baleiro. Curiosamente, o noso poeta procurará unha saída a ese íntimo e radical desacougo en dúas direccións, con presenza significativa nos seus poemas: unha saída estaría no *amor*, no encontro e mais a vivencia amorosa, e na *razón e relación cordial con outros*, cos demais, ou –se se quer– na chamada a abrirse á vida, ós intres mellores que nos dá, á beleza aínda na súa fugacidade. Abrirse, pois, vencendo as escuras forzas do pesadume que nos asexo.

Hai tamén, logo, una liña do que teño chamado a *palabra compartida*, é dicir, poemas de homenaxe –a Rosalía, a Machado, por exemplo– que amosan unha dobre razón. Son –claro é– poemas de recoñecemento e admiración a figuras emblemáticas; pero son á vez, e sobre de todo, poemas que, ó través desas figuras, deses persoeiros, procuran un signo de rebeldía, de protesta e de reivindicación, xa da patria doridamente aldraxada (para a que se soña un futuro de esperanza e luz), xa das liberdades dende a privación, xa un berro de solidariedade cos máis esquecidos ou marxinados pola inxustiza social.

Sobre do sinalado, pódese dicir, xa que logo, que a palabra poética casariana representa, no seu tempo, un exemplo de alto valor estético e máis de relevo ético. Unha voz lírica –a súa– sempre comprometida coas fondas razóns da existencia, do home no mundo, e máis coas fonda arelas da súa Terra, do seu país.

E remato xa. E váiseme permitir que o faga coa palabra miña máis sentida, co poema que lle dediquei ó amigo morto, e que se recolleu no precioso e valioso

libro de homenaxe –*A semente aquecida da palabra*–, compilado polo profesor Henrique Monteagudo:

LELÍAS DE DOR

1

A Sombra que o chama,
e o amigo que cala.

A Sombra que chega
e os ollos lle cega.

No colo da Noite
levado pró Lonxe.

Coa Noite nos ollos
durmido nun Sono.

A Sombra que o leva
pró berce da Terra.

E a Noite que o anaina
cun son de barcalla.

2

O amigo levado
pró fondo do vado.

Pró fondo da Sombra
no río que acora.

O amigo no Sono
pechados os ollos.

O amigo calado
nun ir de devalo.

O amigo soíño
–ai, Noite que o chama
con voces de olvido! –.